

DOMINGO V DE PASCUA (C)

PRIMEIRA LECTURA Feit 14, 21b-27

Lectura do libro dos Feitos dos Apóstolos

Naqueles días, Paulo e mais Bernabé volveron para Listra, Iconio e Antioquía, fortalecendo o espírito dos discípulos e animándoos a perseveraren na fe, porque -diciánlles- temos de pasar por moitos traballos para entrarmos no Reino de Deus. E despois de designarlles presbíteros en cada Igrexa, oraban, xaxuaban e encomendábanos ó Señor, en quen creran.

Atravesando a Pisidia, chegaron a Panfilia e, logo de anunciaren a palabra en Perxe, baixaron cara a Atalía. De alí embarcaron para Antioquía, desde onde foran confiados á gracia de Deus para a misión que viñan de cumprir. Chegando, reuniron a Igrexa e contaron todo canto Deus fixera con eles e como lles abriera ós pagáns a porta da fe.

SALMO RESPONSORIAL Sal 144, 8-9. 10-11. 12-13ab

R/. (cf. 1): **Bendicirei o teu nome para sempre, meu Deus e meu Rei.**

Ou: **Aleluia.**

O Señor é clemente e compasivo,
tardo á ira e rico en misericordia.

O Señor é bo para todos,
agarimoso con tódalas súas obras.

Que te loen, Señor, as túas obras,
e te bendigan os teus amigos.

Que pregoen a gloria do teu reino,
e falen do teu poder.

Que ensinen ós homes os teus feitos,
e a maxestade gloriosa do teu reino.

O teu reino é reino eterno,
o teu goberno dura por tódalas xeracións.

SEGUNDA LECTURA Ap 21, 1-5a

Lectura do libro da Apocalipse

Eu, Xoán, vin un ceo novo e unha terra nova, pois o primeiro ceo e a primeira terra xa pasaran; e o mar xa non existía.

Tamén vin que a cidade santa, unha Xerusalén nova, baixaba do ceo de onda Deus, preparada coma a esposa que está engalanada para o seu esposo. E sentín unha forte voz que desde o trono dicía: "Velaquí a tenda de Deus onde os homes. Acampará entre eles: eles serán o seu pobo e El será o seu Deus e compañeiro.

Enxugará tódalas bágoas dos seus ollos, e a morte xa non existirá máis. Nin haberá máis loito nin pranto nin dor, porque as primeiras cousas pasaron xa". O que estaba sentado no trono dixo: "Vede que volvo novas tódalas cousas".

EVANXEO Xn 13, 31-33a. 34-35

Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán

Cando Xudas saíu do cenáculo, díxolles Xesús: -Agora queda glorificado o Fillo do Home e Deus queda glorificado nel. Se Deus queda glorificado nel, tamén Deus o glorificará a el e hao glorificar axiña. Meus fillos: só un pouquiño estarei convosco.

Douvos un mandamento novo: amádevos uns a outros; como eu vos amei, amádevos tamén entre vós. Nisto coñecerán todos que sóde-los meus discípulos: se vos tedes amor uns a outros.